




COSTA DE O GROVE

Adela Leiro, Mon Daporta
decembro 2018



Distancia: 50 km (circular, con desvíos, en coche) + camiñadas
Dificultade: baixa

O concello do Grove ocupa a península que pecha a ría de Arousa polo sur, unido a terra polo istmo areoso da Lanzada. Nos seus 41,5 km de costa ao interior e o exterior da ría, hai unha sucesión de praias e areas con cantís e rochedos e numerosos illotes e illas (a maior é a da Toxa). As principais actividades son a pesca, o marisqueo, a acuicultura e o turismo. Hai algunhas industrias relacionadas co mar. Conta con numerosos valores naturais e un importante patrimonio etnográfico e histórico.



- 1-Praia do Vao
- 2-Praia do Cavernal. Enseada da Illariña.
- 3-Punta Surmuíño
- 4-Illa Tourís
- 5-Illa Marma
- 6-Enseada e punta da Silva
- 7-Morrasas de Ardia
- 8-Punta de Besada
- 9-Praia da Vía
- 10-Ponte da Toxa. Praia da Ponte Sur
- 11-Illa da Toxa
- 12-Praia de Fornos. Punta do Vendaval.
- 13-Praia/enseada da Fonte
- 14-Punta e praia de San Marcial
- 15-Punta de Cabreirón.
Punta e praia Cruz das Ánimas.
- 16-Punta e praia da Mourisca
- 17-Praia de Covadelo ou da Ponte Norte.
- 18-Punta e Praia do Confin/Peralto
- 19-O Grove
- 20-Praia do Hospital. Cons Corveiro.
- 21-Punta de Lordelo
- 22-O Esteiro
- 23-Punta de Cantodorxo
- 24-Praia de Rons. Illotes Os Sinais de Rons.
- 25-Con Roibo. Praia do Con Roibo.
Punta de Rons.

- 26-Porto dos Padroneses
- 27-Virxe das Mareas
- 28-Praia de Louxiñas
- 29-Meloxo: porto, enseada e praia
- 30-Praia Lavagueira
- 31-Punta Moreiras
- 32-Pedra do Santo
- 33-Area das Pipas. Area de Reboredo.
- 34-Punta Laxe da Robeira.
- 35-Praia Mexilloeira
- 36-Lagoa Bodeira
- 37-Praia de Area Grande
- 38-Praia da Barcela. Praia do Barreiriño
- 39-Praia do Carreiro
- 40-Punta de San Vicente
- 41-O Pombeiro
- 42-Praia do Castríño
- 43-Praia Baleela e Punta Pateiro
- 44-Praia e enseada de Castiñeiras
- 45-Praia e punta Barreiro
- 46-Punta Agueira. Praia Agueira ou da Poza.
- 47-Praia de Con Negro. Con Negro.
- 48-Con do Corvo. Porto Xunco.
- 49-Laxes do Abade
- 50-Punta e illotes do Conchido.
- 51-Praia de Canelas
- 52-Punta Miranda

- 53-Punta e Con da Abelleira.
Praia da Abelleira ou Fervide.
- 54-Praia da Barrosa
- 55-Praia Farruco. As Lobeiras.
- 56-Praia Buraca da Londra.
- 57-Porto de Pedras Negras. Praia do Portiño.
- 58-Praia do Espiño
- 59-Punta do Portiño. Praia Seixeliños.
- 60-Praia de Area da Cruz/Balea
- 61-Punta e Con das Paxareiras. Praia Sobre do Pozo.
- 62-Praia das Paxareiras ou Raeiros.
- 63-Punta e laxes de Raeiros
- 64-Praia da Lanzada
- 65-Punta e illote do Colmado
- 66-A Siradella
- 67-Istmo da Lanzada



A Península do Grove, coa illa da Toxa.

O Grove ten unha gran parte da súa costa protexida no **LIC/ZEC “Ons-O Grove”**; nas **ZEPAs “Complexo Intermareal Umia-O Grove, A Lanzada, Lagoa Bodeira e Punta Do Carreirón”** e “Espazo Mariño Rías Baixas de Galiza”; no **Humidal de Importancia Internacional RAMSAR “Complexo intermareal Umia – O Grove”**; e na **Reserva ornitolóxica da SEO/BirdLife “O Grove”**,

A amplitude da costa, a súa accesibilidade e o seu interese ofrecen a posibilidade de facer numerosos roteiros camiñando ou con vehículos, en calquera época do ano, dada a variabilidade que ofrece o cambio das estacións, en especial a floración das dunas e o paso das aves migratorias. Moitos destes roteiros están sinalizados e acondicionados.

Enseada do Umia. Área comprendida entre o istmo da Lanzada e a desembocadura do Río Umia en Cambados. É unha zona de costa recortada e protexida con augas pouco profundas e mornas. A gran cantidade de sedimentos deixados polos ríos forma bancos de area que alternan con zonas fangosas e dan lugar a ecosistemas dunha gran diversidade biolóxica. É criadeiro de numerosas especies mariñas (especialmente moluscos) e zona de enorme importancia para o paso e o descanso das aves mariñas, en especial as limícolas.



Limícolas no Vao. A enseada acolle regularmente (xaneiro) de 13.000 a 16.000 aves acuáticas (sen ter en conta as gaivotas). As limícolas, polo seu número e variedade, fan deste enclave un dos lugares de maior interese ornitolóxico do litoral galego.



PERCORRIDO

Propoñemos unha ruta circular, con desvíos, para facer case 50 km en coche e todas as camiñadas que queiramos ata encher unha xornada de paisaxes de mar e praias aos catro ventos.

Entramos no territorio do Grove na primeira rotonda **do Vao**, no **istmo da Lanzada**, a 800 m temos a segunda e nela facemos a primeira parada, ao pé do observatorio das aves, para ver a **enseada do Umia-O Grove** -un lugar de importancia internacional pola cantidade e a diversidade de aves que acolle, principalmente nos pasos de primavera e outono, e durante o inverno. Antes da seguinte rotonda temos outro observatorio. Seguimos en dirección ao Grove e a 800 m chegamos a outra rotonda que ten un desvío á **Telleira**. Aquí podemos saír para achegarnos á punta de **Surmuíño**, na que hai outro punto de observación de aves, preto do que se atopa entre a vexetación, camiñando pola praia cara ao Grove, o pouco que queda do forno e outras construcións da telleira que lle da nome ao lugar.

De volta na estrada chegamos, nuns 2 km, a outra rotonda na que collemos á dereita en dirección á Toxa. A uns 800 m vemos a **ponte da Toxa**, cruzala e dar unha volta polas zonas transitables arredor da illa supón uns 5,5 km.

De regreso, na saída da ponte, collemos á dereita para seguir pola beira do mar ata o **porto do Grove**, 1,5 km, de parada obrigada para poder ver a diversidade de tipos de embarcacións que acolle; e deixando a lonxa á dereita continuamos por unha vía que logo se fai de sentido único pola que rodeamos o **Esteiro** e chegamos á **punta de Cantodorxo**. A punta, accesible, permite ver un bo tramo do litoral. Desde aquí xa non é posible seguir pola beira, hai que volver atrás uns 500 m para coller un desvío á dereita, sinalizado como obrigatorio para o tráfico pesado, e avanzando por el 1 km, podemos desviarnos á **praia e a punta de Rons**, uns 600 m ida e volta, ou continuar, algo menos de 1 km, ata o **porto de Meloxo**, especializado na descarga de mexillón, outro lugar de parada obrigada. Deixamos Meloxo e a 1,5 km atopamos un desvío sinalizado a San Vicente do Mar, por el, en 900 m, chegamos á estrada que ven do Grove e collendo á dereita logo atopamos, a 200 m, un desvío á esquerda para subir aos **miradoiros do monte Loureiro e A Siradella**, 3 km ida e volta, desde o que temos unhas amplas panorámicas de toda a ría, do istmo da Lanzada e da costa exterior coas illas de Sálvora, Ons e Cies; alí mesmo está o **Centro de Interpretación do Espazo Natural** e ao seu carón o monte da Siradella con restos de construcións antigas e onde medra a figueira do Meco que pola súa importancia na tradición local está incluída no Catálogo de árbores senlleiras da Xunta de Galiza.

Volvemos á estrada principal e collemos á esquerda para continuar adiante 1,5 km antes de desviarnos a **punta Moreiras**, 2 km ida e volta, onde ademais de gozar de boas vistas da **enseada de Meloxo** e das praias temos o **acuario do Grove** e o **museo do Mar e da Salga**. Outravolta na estrada principal e uns 2 km máis adiante temos un desvío á dereita, 1,2 km ida e volta, para achegarnos á **praia da Mexilloeira**, importante polo seu tamaño, pola riqueza da flora das súas dunas, porque nela cría a pílara papuda e porque acolle, na trasduna, a **Bodeira**, unha lagoa litoral de gran riqueza vexetal e animal.

De volta na ruta principal temos por diante outro quilómetro e medio antes de desviarnos outra vez á dereita para baixar á **praia do Carreiro**, que acolle a **necrópole medieval de Adro Vello**, e á **punta de San Vicente** onde a costa deixa de ser ría para ser mar aberto, ida e volta son 4,5 km. De novo arriba collemos á dereita para, a uns 300 m, volver a deixar a estrada principal para baixar ao **Con Negro**, unha gran masa rochosa e fermosa praia nunha paisaxe que non deixa indiferente, e logo volver a subir, co que lle sumamos ao traxecto outros 2,5 km, para seguir un pouco máis de 1 km e chegar a **Pedras Negras**: urbanización, porto deportivo, praias e fermosas panorámicas; desde aquí temos 3,5 km ao miradoiro que hai ao comezo da **praia da Lanzada** pasando antes ao pé de varias praias recoñecidas e visitadas (**Balea, Raeiros...**). Desde o miradoiro da Lanzada xa só nos queda pouco máis de 1,5 km para completar a volta, 1 km máis para achegarnos ao aparcamento do centro da praia e outro para rematar onde comezamos.



1-Praia do Vao



2-Praia do Cavernal. Enseada da Illariña.



O Vao e A Illariña




O Vao desde A Toxa, coa marea alta



Observatorio de aves no Con Guillete



3-Punta Surmuíño. Nas proximidades consérvanse os restos dunha antiga telleira.



4-Illa Tourís (detrás Marma)




5-Illa Marma



Enseada e punta da Silva (co illote Loraña) e Morrasas de Ardia. Ao fondo a illa da Toxa.



6-Enseada e punta da Silva



7-Morrasas de Ardia




8-Punta de Besada



9-Praia da Vía. Un importante banco marisqueiro, entre a illa da Toxa e O Grove.



Vista aérea da Toxa e da vila do Grove





11-Illa da Toxa

A illa da Toxa é un dos centros termais máis importantes de Galiza. As súas augas abrollan a temperaturas entre 20 e 60 °C e son clorurado-sódicas, bromuradas, fluoradas, ferruxinosas, litínicas e radioactivas. Están indicadas para problemas dermatolóxicos, respiratorios, circulatorios e reumatismo.

A illa da Toxa convertiuse nun importante centro balneario despois de descubrirse os mananciais de augas termais. O Primeiro Hotel e a ponte rematáronse en 1910. Ata esas datas a xente facía uso das augas termais en pozas e bañeiras sen as mínimas comodidades.



Ponte de acceso á Toxa.



Praia da Ponte Sur




12-Praia de Fornos




Punta do Vendaval.



13-Praia/enseada da Fonte



14-Punta e praia de San Marcial



15-Punta de Cabreirón



Punta e praia Cruz das Ánimas.



16-Punta e praia da Mourisca



17-Praia de Covadelo ou da Ponte Norte.



Mariscando nos areais entre a Toxa e O Grove



19-O GROVE


Un importante porto pesqueiro e de acuicultura, e especializado en embarcacións turísticas.




18-Punta e Praia do Confin/Peralto



20-Praia do Hospital. Cons Corveiro.



21-Punta de Lordelo desde O Esteiro



22-O Esteiro




O Esteiro




23-Punta e praias de Cantodorxo.

Nesta punta hai un xacemento de especial interese arqueolóxico: un castro (datado nos séculos IV a II a. C), unha necrópole (hoxe en día desaparecida debido á construción de edificacións), e unha posible vila romana). Nos arredores tamén existe un cuncheiro.




24-Praia de Rons. Illotes Os Sinais de Rons.





25-Con Roibo.




Praia do Con Roibo despois dun temporal de inverno



Praias na punta de Rons.



Punta de Rons.



26-Porto dos Padroneses



27-Virxe das Mareas



28-Praia Louxiñas



29-Meloxo: porto, enseada e praia. Conserva o aire tradicional xunto cos avances no cultivo de mexillón, no que está especializado.



30-Praia Lavagueira



Praia na enseada de Meloxo




31-Punta Moreiras. Concentra unha inportante oferta turística e cultural: Museo da salga e do mar, acuario, grupos escultóricos, roteiros acondicionados...




Praia na punta Moreiras



Museo da salga e do mar



32-Pedra do Santo



33-Area das Pipas



Area de Reboredo



34-Punta Laxe da Robeira.



35-Praia Mexilloeira



36-**Lagoa Bodeira.** Pequena lagoa litoral separada do mar pola praia e dunas da Mexilloeira, no lugar de Reboredo. As dunas teñen unha gran riqueza botánica. Na lagoa viven e crían aves como a galiñola negra, o mergullón pequeno e o lavanco real.



Vista desde a praia do Piñeirón (no primeiro plano) ata Meloxo e Rons.



37-Praia de Area Grande




38-Praia e punta da Barcela.



Praia da Barcela. As Barceliñas




Praia do Barreiriño



39-Praia do Carreiro



Necrópole de Adro Vello, a carón da praia do Carreiro. Enterramento medieval a carón dunha antiga capela construída sobre unha Vila Romana. Nas proximidades hai un castro.



40-Punta de San Vicente





Vista desde o mar da punta de San Vicente e o illote Comeán



41-O Pombeiro



42-Praia do Castriño



43-Punta Pateiro



Praia Baleela e Punta Pateiro



44-Praia e enseada de Castiñeiras e praia de Barreiro



Praia de Castiñeiras





46-Punta Agueira e praia Agueira ou da Poza.



47-Praia de Con Negro, Con Negro e Petón do Con Negro (vista desde a punta Agueira)



Cons traballados polo mar na zona do Con Negro. A erosión nos granitos produce grandes bloques de formas redondeadas.






48-Con do Corvo




Porto Xunco.



49-Laxes do Abade



50-Punta e illotes do Conchido.



51-Praia de Canelas



52-Punta Miranda e Illa Redonda de Terra



53-Praia da Abelleira ou Fervide.



Punta e Con da Abelleira.




54-Praia da Barrosa



55-Praia Farruco



56-Praia Buraca da Londra.



57-Porto de Pedras Negras



Praia do Portiño.



58-Praia do Espiño



59-Punta do Portiño. Praia Seixeliños.




Vista aérea desde balea ata A Lanzada




60-Praia de Area da Cruz/Balea



61-Punta e Con das Paxareiras. Praia Sobre do Pozo.




62-Praia das Paxareiras ou Raeiros.



63-Punta e laxes de Raeiros
As rochas da costa do Grove, desde San Vicente ata a Lanzada son maioritariamente graníticas con pequenas intrusións de gneis.



64-Praia da Lanzada. Unha praia emblemática en Galiza, pola súa extensión (2.400 m), pola situación, no corazón das Rías Baixas e pola historia e os ritos e crenzas asociados a ela.
No primeiro plano a punta e illote do Colmado, lindeiro co concello de Sanxenxo.
Ao fondo a enseada do Umia-O Grove



Vista do **Istmo da Lanzada** desde o Monte da Siradella, un espléndido miradoiro sobre a ría de Arousa (157 m de altitude) e a costa da Lanzada, no que se atopa o Centro de Interpretación do LIC "Ons-O Grove". O istmo da Lanzada é un brazo areoso que une O Grove ao continente. Na parte que da ao mar aberto aséntase a praia da Lanzada; a zona intermedia está formada por dunas fixadas pola vexetación, entre as que hai varias lagoas estacionais orixinadas por antigas explotación de area; e a interior da á enseada. Nesta zona a marea baixa deixa ao descuberto unha ampla chaira intermareal na que se alimentan as numerosas aves que a frecuentan. No istmo aséntase un sistema dunar que conta con máis de 100 especies, entre as que se atopan endemismos locais e rexionais.




66-A Siradella. Centro de Interpretación do LIC "Ons-O Grove.



Cardo leiteiro (*Cistanche phelipaea*).

Ten como único punto de referencia en toda Galiza o litoral da Enseada. É unha planta que parasita a outras leñosas da beiramar. So é visible cando florece entre os meses de abril e xuño.



Cullereiros (*Platalea leucorodia*). Na Enseada do Umia hai unha importante poboación invernante única en Galiza (máis de cen exemplares)



Vexetación nas dunas da Lanzada



65-Punta e illote do Colmado